



## **CIRCULAR 20-2019.**

### **IV CAMPIONATO DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS SUB 18 E SUB 16.**

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).-** A F.G.A. organiza o IV Campionato de Galicia de Lanzamentos Longos Sub18 e Sub16 que terá lugar en Vilagarcía de Arousa o vindeiro domingo 9 de febreiro do 2020.

**Art.2).-** Poderán participar todos/as aqueles/as atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2020) por algún club pertencente á Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Art.3).-** Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 16 mellores marcas (8 sub 16 e 8 Sub 18), conseguidas durante a tempada 2018/19 ou 2020.

**Art.4).-** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

**Art.5).-** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 4 de febreiro do 2020. Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible de repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

**Art.6).-** Cada atleta só poderá participar en dúas probas. No caso de estar aceptado en máis de dúas terás ata o xoves ás 11:00h para darse de baixa na que non vai a comeptir. No caso de non facelo, a FGA o borrará daquela proba na que se atope peor clasificado.

**Art.7).-** Os atletas deberán retirar os seu dorsal ata 50 minutos antes do inicio da proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso á mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso á pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciara a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

**Art.8).-** Entregaranse medallas aos tres primeiros/as atletas, tanto en homes como en mulleres, de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.



**Art.9).** Pase á mellora: 8 mellores marcas e polo menos 3 atletas de cada categoría.

**Art.10).**- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.11).- HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS**

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma.

**Art.12).- HORARIO (provisional).** O horario definitivo publicarase en función dos inscritos.

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>		
<b>XORNADA DE MAÑÁ</b>		
<b>10:00h</b>	Disco	Masculino
<b>11:30 h</b>	Xavelina	Masculina
<b>13:00 h</b>	Disco	Feminino
<b>XORNADA DE TARDE</b>		
<b>15:15 h</b>	Martelo	Masculino
<b>16:45 h</b>	Xavelina	Feminina
<b>18:15 h</b>	Martelo	Feminino

**Art.13).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.14).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 24 de xaneiro de 2020

